



DECRETO

Expediente: 60/2022

Asunto: Modificación da distribución dos créditos establecidos na convocatoria de axudas AISENS 2022.

D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO, Alcalde - Presidente do Concello de Porto do Son, no exercicio das facultades que lle confiren o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG), adopta o seguinte ACORDO:

Antecedentes

Por Acordo da Xunta de Goberno Local, celebrada o día 27 de xaneiro de 2022, aprobouse a convocatoria das axudas para a inclusión social e a cobertura de situacións de necesidade social (AISENS) para o ano 2022 (BOP núm. 22 do 02.02.2022), coa seguinte distribución por aplicación orzamentaria:

Aplicación orzamentaria	Importe
231.48000	3.000,00 €
231.78000	5.000,00 €
Total	8.000,00 €

Visto o informe de Servizos Sociais núm. 2022-0099, do 14 de outubro de 2022, polo que se propón a reasignación dos créditos imputados a cada a aplicación orzamentaria da Convocatoria das axudas para a inclusión social e a cobertura de situacións de necesidade social (AISENS) para o ano 2022, motivados polas solicitudes de axudas en tramitación e a previsión de novas necesidades que poidan xurdir, e que tendo en conta o saldo dispoñible nas aplicacións, a distribución proposta dos créditos definitivos é a seguinte:

Aplicación orzamentaria	Importe
231.48000	6.000,00 €
231.78000	2.000,00 €
Total	8.000,00 €

Tendo en conta que mediante Decreto 2022-1127 de 18.10.2022 se aprobou a transferencia de crédito número 16, existe crédito adecuado e suficiente nas aplicacións sinaladas que permiten modificar os importes da convocatoria 2022 correspondente ás axudas para a inclusión social e a cobertura de situacións de necesidade social (AISENS)

Consideracións Xurídicas

A Ordenanza pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a inclusión social e a cobertura de situación de necesidade (BOP 88 de 11.05.2017) modificada en 2020 establece no artigo 7 que o procedemento de concesión destas axudas se inicia coa convocatoria anual.

A Convocatoria de axudas para a inclusión social e a cobertura de situacións de necesidade social (AISENS) para o ano 2022 aprobouse por acordo de Xunta de Goberno Local de 27.01.2022 publicado no BOP núm. 22 do 02.02.2022, establecendose no seu obxecto: "A distribución dos créditos imputados a cada aplicación orzamentaria ten un carácter estimativo, polo que, de ser preciso modificar o reparto do crédito orzamentario total pode levarse a cabo sen necesidade dunha nova convocatoria. Antes da resolución de concesión deberá aprobarse polo alcalde a nova distribución, despois de realizar as modificacións orzamentarias necesarias, e deberá publicarse no taboleiro de anuncios."



Visto canto antecede, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a modificación da distribución dos créditos relativos á Convocatoria de axudas para a inclusión social e a cobertura de situacións de necesidade social (AISENS) para o ano 2022, practicando as anotacións contables correspondentes nas aplicacións 231.48000 e 231.78000, quedando do seguinte modo os créditos definitivos totais:

Aplicación orzamentaria	Importe
231.48000	6.000,00 €
231.78000	2.000,00 €
Total	8.000,00 €

Segundo.- Dar conta deste acordo aos Servizos Sociais, e á Intervención municipal e proceder á publicación deste acordo no taboleiro de anuncios así coma na BDNS.

Asinado en Porto do Son por medios electrónicos polo alcalde, José Luis Oujo Pouso, do que eu, Silvana Janeiro Moas, como secretaria accidental, e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).

